

Fernán Vello nega a existéncia de crise na Asociación de Escritores despois da demisión de Carlos Mella

Organizará o IV Congreso, o Galeuzca e as homenaxes a Luz Pozo e María Mariño

Poucos días despois de ser reelexido como presidente da Asociación de Escritores pola assemblea xeral de socios, Carlos Mella remitia á nova directiva a sua carta de demisión. O consello directivo saído da xuntanza do 9 de Xuño repetía mandato e aseguraba a súa permanencia até que en Xaneiro do 2002 se procedera á renovación de cargos. A demisión de Carlos Mella surpriendía apenas uns días despois de ser tomado o acordo e ser o escritor Xosé María Álvarez Cáccamo - que deixá vacante a vicepresidencia - o que ocupo o posto até unha nova elección que se celebrará dentro de sete meses.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega celebraba a súa assemblea xeral en Compostela o dia 9 de Xuño. Da xuntanza saía renovada unha directiva, ante a ausencia de novas candidaturas, que tiña ao seu frente a Carlos Mella, presidente desde a morte de Uxío Novoneyra e avalado



Carlos Mella.

despois por unha xuntanza de sócios. O secretario e o vicepresidente da AELG, Miguel Anxo Fernán Vello e Xosé M. Álvarez Cáccamo facían explícita naquela sesión a súa vontade de abandonar os seus cargos e manifestaban a necesidade de renovar a directiva da entidade con novos membros. Ante a ausencia de candidaturas, da assemblea saiu o compromiso de convidar aos sócios a se apresentar a unha próxima elección que se celebraría

rá o próximo mes de Xaneiro. Catro días despois a directiva recibía o comunicado do presidente Carlos Mella anunciando a súa demisión por "razóns persoais" e por "diferente interpretación dos acordos da directiva" e o consello directivo reuníase con carácter extraordinario o dia 23 de Maio aceitando a petición e agadecéndole o traballo desenvolvido. Sen embargo, o próprio Mella declaraba que non estaba de acordo en que a dirección procurase os membros a súa renovación e mostraba o seu cansanzo polo que calificou de "desinterese" dos sócios.

"O acordo recollía que a directiva rematará o ano 2001 con todos os proxectos propostos e se comprometía a buscar o mecanismo de incitar a que exista unha nova candidatura que renove os cargos, fuxindo da tendencia a perpetuarse nos mesmos postos", afirma o secretario, Miguel Anxo Fernán Vello, que rexista calquier

crise na AELG, entidade que, ao seu ver, ten "un futuro magnífico, con moitos proxectos e novas incorporacións de sócios". Asemblea ratificou a directiva con 17 votos a favor, 7 abstencións e ningun en contra. Ademáis de Álvarez Cáccamo como presidente e Fernán Vello como secretario, a directiva ten como vocais aos escritores Pilar Vázquez Questa, Luisa Villalta, Iolanda Castaño, Marta Dacosta, Francisco Souto e Carlos López Bernárdez. Momento feliz

De "momento feliz" califica Fernán Vello o presente da AELG. "Propiciamos a renovación nun tempo interesante cun balance de resultados optimista", afirma. Reitera a súa vontade de deixar a secretaría pero pon por diante o seu compromiso para levar a cabo os proxectos do apretado calendario dos próximos meses até que se celebre a nova elección.

A próxima cita da AELG será a

fins de Agosto ou comezos de Setembro e levará aos escritores a Ribadeo a rendirlle homenaxe a Luz Pozo na celebración anual de "O escritor na súa terra". A cargo da asociación galega estará tamén a organización do próximo Galeuzca e, con este fin, participarán nunha xuntanza preparatória con autores bascos e cataláns que terá lugar en Xullo. "A leitura, os leitores e as leitoras" será o postel lema do encontro de escritores das tres nacionalidades que terá lugar no mes de Novembro en Pontevedra e que analisará a figura do leitor e a problemática da falta de audiencia dos escritores no tempo actual.

En Decembro, Vigo será a cidade que acolla o IV Congreso de Escritores Galegos e, sen data fixa, estase a preparar unha homenaxe poética a María Mariño cunha xornada de recitais e estudios da súa obra que terá lugar no Centro Cultural Uxío Novoira de Lugo. ♦

FRANCISCO ANT. VIDAL

E aquí ven o grande milagre e a proba da súa bondade.

Non falan as haxiografías de que o seu corpo estivese protexido por ningún tipo de coiraza, senón que o puxeron espido, e afinda así, as frechas, por efecto divino cuando chegaban á súa pel, ficaban detidas no ar sen ouvir penetrala, e incluso, unha delas, xirou de súbito e volveuse contra o gobernante deixándoo cego dun ollo.

Cristovo, que a pesar da prodiosa fortaleza física, viñase próximo á morte, advertiu o torturador:

-Mañá, cando eu morra, colle un pouco do meu sangue, mestúrai con esta terra que piso e ponos nos óllos.

Ó dia seguinte, Cristovo foi decapitado e o seu sangue curou a Dano da cegueira do corpo e da alma, e desde aquela converteu todo o seu reino ó cristianismo. ♦

San Cristovo o transportista

E daquela abondonouno para buscar ó Señor que se representaba por medio da cruz.

Despois de peregrinar por medio mundo, un ermitán explicoulle quen era realmente o rei dos reis, e como para procuralo, tíña que facer penitencia axudándolle os necesitados.

Home cumpridor, Cristovo asentou na beira dun río, onde había de axudar a todo aquel que lle pedise pasalo, como se dun moderno Canonte se tratase, pero ó contrario daquel, el axudába a cruzar para seguir no camiño da vida, non para se recluir tras a morte.

Un día cadrou a pedírelle os seus servicios un nenito, con quen cargou ó lombo e, apoiado no caxato, meteu o río. Pero a

medida que avanzaba, a criatura semellaba pesar máis e as augas aumentaban de nivel ata facelo tambolear. Cando o rexo transportador chegou á outra beira, lamentouse.

-Pésasbasme como se trouxese o mundo enteira de mí.

-Trouwches o mundo e ó seu creador -respondeu o cativo-. E como proba de que foi así como cho conto, cando chegues á tua choupana planta o caxaro e máñá verálo florecido.

Daquela, Cristovo soubo que fora aceptado entre os seguidores de Cristo e salu a proclamar que era o amo más poderoso do mundo.

A impresión que causaba aquel corpulento home, de rostro

amable e agradables palabras, atrax ó seu carón a centos de persoas, polo que o gobernante daquela parte do mundo, un tal Dano, mandouno chamar diante de si, por ver se aceptaba ficar ó seu servicio, propagandeadno en favor del. E para convencelo encerrouno con dúas prostitutas, ás que, lonxe de lle aceptar os aloumios, recriminou, adoutrouno e converteunhas.

Ofendido o gobernante, mandou que o torturases colocándolle un gorro incandescente na cabeza, e logo asándoo nunha grella; pero a súa forte constitución aguantou o martirio, polo que, Dano, deseñando rematar con home tan desagradecido, mandou que o atasen a unha columna e lle disparasen frechas.

Contan os haxiógrafos que Cristovo, cofeedor da súa valía, na vez de ficar conforme co primeiro patrón que lle tocou, buscoulle ata poñer o seu oficio e maría ó servizo do rei máis poderoso do mundo. Pero cando viu como o seu amo se persignaba cada vez que algúen aludía ó diño, crendo que este era máis poderoso afunda, salu na súa proua con intención de servilo. Pero tamén o diño se decepcionou o inocente Réprobo, cando viu como fuxía diante dun cruceiro.


Os haxiógrafos que Cristovo, cofeedor da súa valía, na vez de ficar conforme co primeiro patrón que lle tocou, buscoulle ata poñer o seu oficio e maría ó servizo do rei máis poderoso do mundo. Pero cando viu como o seu amo se persignaba cada vez que algúen aludía ó diño, crendo que este era máis poderoso afunda, salu na súa proua con intención de servilo. Pero tamén o diño se decepcionou o inocente Réprobo, cando viu como fuxía diante dun cruceiro.

TEMPORADA DE POESÍA

ESPIRAL MAIOR
LEA LIBROS

ter é ser
LEA LIBROS

Á venda
nas mellores
librerías




BANZADOS
Xosé Vázquez Pintor
I Premio Uxío Novoneyra



PEDINCHE LUZ PRESTADA
Marica Campo
I Premio Fiz Vergara Vilarino



REFUTACIÓN DA MUSA
Manuel Forcadela
VIII Premio Aula de Poesía de Barcelona



ANIMAIS ANIMAIS
Juan Abeleira